



## CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA: MÚSICA E PLÁSTICA

Os criterios de avaliación son a maneira de comprobar o grao de consecución dos obxectivos e das competencias básicas establecidos.

<b>Instrumentos a utilizar</b>	<b>Pesos</b>
Probas de distintos tipos (orais, escritas, instrumentais, fichas, observación natural e sistemática, gravacións en vídeo e audio, producións dos nenos e ou rexistros tomados no caderno da mestra) ás que se pode engadir calquera outra da que se poida extraer información que resulte de interese.	40%
Respecto aos compañeiros, mestre e materia.	20%
Esforzo e interese.	40%

### **OBSERVACIÓNS:**

Teranse en conta a superación dos obxectivos como medida de cualificación.

O profesor rexistrará no seu caderno de seguimento os resultados obtidos, converténdose este nun instrumento para a avaliación. Con estes datos farase un informe individualizado e trimestral, co que se informará aos pais e nais do proceso de ensinanza dos seus fillos.

O traballo de clase e as fichas de avaliación valoraranse con estes ítems:

- 1 a 4 Insuficiente.
- 5 Suficiente.
- 6 Ben
- 7 a 8 Notable
- 9 a 10 Sobresaínte

As notas de Música e de Plástica aparecerán por separado no boletín pero tamén aparecerá unha nota de Educación Artística que será a media de ambas áreas. Para poder facer unha media de Artística cómpre que en ambas áreas se acade alomenos un catro, en caso contrario Artística aparecerá como suspensa.

Á hora de facer a nota final de curso, contarase nun 25% a nota da primeira avaliación, nun 25% da segunda avaliación e nun 50% a da terceira.

### **METODOLOXÍA DIDÁCTICA:**

A metodoloxía debe salientar as aprendizaxes básicas e seleccionar os contidos máis relevantes para acadar as competencias, elemento organizador da ensinanza. Debe promover a globalización, centrarse na funcionalidade das aprendizaxes, procurar que o alumnado “aprenda a aprender”, favorecelo traballo cooperativo e fomentar as actividades para a selección, procesamento e tratamento da información.

A metodoloxía a empregar na aula de música ten as seguintes características:

Globalizada: esta perspectiva establece múltiples conexións entre as novas aprendizaxes e os diversos ámbitos de estudo. Potenciarase a construción de aprendizaxes significativas.

Activa: o alumno é o protagonista da súa propia aprendizaxe, observando e experimentado por si mesmo. A mestra toma o papel de guía orientador, para facilitar a construción de aprendizaxes.

Motivadora: programaranse actividades que resulten atractivas e completamente satisfactorias ao alumnado e o animen a seguir avanzando.

Individualizada y flexible: adaptaranse a cada alumno en particular, os seus intereses e necesidades.

Socializante: a aprendizaxe é un proceso interactivo no cal é necesaria a participación activa e dinámica dos nenos, que achegarán as súas habilidades, destrezas, actitudes, intereses, xunto ás dos seus compañeiros nun ambiente de cooperación.

Progresiva: hai que axustarse ao nivel real dos alumnos. Polo tanto, é preciso que as dificultades estean ben dosificadas para manter a ilusión e as ganas de aprender.

Lúdica: os nenos aprenden xogando; este é un medio moi importante de expresión corporal e experimentación.

Segundo o tipo de actividade, os agrupamentos na aula serán diversos: gran grupo (ao cal daránselle as explicacións ou as normas a seguir), pequenos grupos (4 ou 5

persoas para favorecer actividades cooperativas ou aclarar conceptos previos) ou traballo individual (fichas e outros materiais). Darase prioridade ao traballo en grupo e cooperativo.

Finalmente, crearemos un ambiente de confianza na aula que propicie a desinhibición do alumno/a, permitindo a súa expresión persoal. O feito de realizar as sesión nun clima distendido non impide unha educación baseada no respecto mutuo e preocupación polo coidado do material.